

A última redución dos pagos directos da PAC proposto estes días pola UE, eleva o recorte das axudas a 700.000 euros na comarca de Chantada

O secretario de Medio Rural, a coordinadora comarcal, a secretaria xeral do PSOE chantadino e o responsable de UUAA na zona deron a coñecer estes datos, nunca antes publicados, na presentación da 4ª xornada informativa sobre “O futuro de Lugo na PAC 2014-2020”, organizada polo PSOE en colaboración con este Sindicato. O encontro celebrábase este xoves e contará coas intervencións de Roberto García e do candidato ás eleccións europeas José Blanco

Cos novos criterios de reparto, que implican un aumento do recorte do 1,3%, que se suma ao 9% anunciado, e que será aprobado en xuño, o importe medio percibido polos beneficiarios da comarca que, no período anterior se situaba nos 5.700 euros, neste ano baixará ata os 600 euros por gandeiro e produtor

Para os socialistas, esta nova redución é unha “nova discriminación” do Partido Popular, pois neste exercicio, coas disposicións comunitarias para o período transitorio ata a aplicación da reforma da PAC en 2015 no que afecta aos pagos directos, Agricultura tiña liberdade para adoptar esta medida, pero, sen embargo, optou porque o axuste fose xeral

Tal reaxuste terá unha importante incidencia tamén nas explotacións lácteas, pois a parte da importante merma que supón para a economía dos afectados, duplicará o risco de *dumping* con prácticas comerciais agresivas doutros países para gañar mercado. Só, a comarca de Chantada, conta con 704 explotacións de leite e 124,6 millóns de cota. En termos de produción, esta cantidade supón o 11,43% da provincia e o 5,28% de toda Galicia

CHANTADA, 22 DE ABRIL.- A Comisión Europea propuxo a semana pasada unha nova redución dos pagos directos da Política Agraria Común (PAC) do 1,3% para 2014, o que eleva o recorte destas axudas na provincia a preto de 10 millóns de euros, pois este novo axuste presupostario súmase ao 9% anunciado e que se aplica a todos os gandeiros e produtores afectados. Esta suba de algo máis de un punto porcentual provocará que os beneficiarios da comarca de Chantada deixen de percibir nesta anualidade uns 700.000 euros.

O secretario de Medio Rural –Horacio Rouco-, a coordinadora do PSOE da comarca –Pilar García Porto-, a secretaria xeral dos socialistas de Chantada –Raquel López Rodríguez-, e o responsable de UUAA na zona –Francisco González- deron a coñecer estes datos, nunca antes publicados, na presentación da cuarta xornada informativa sobre “O futuro de Lugo na Política Agraria Común 2014-2020”, organizada polo PSOE en colaboración con dito Sindicato, e que se celebrará, precisamente, nesta localidade, o vindeiro xoves.

Deste xeito, os socialistas criticaron que, esta “nova discriminación”, que está fundamentada na posibilidade de que o gasto financeiro no exercicio 2015 sexa superior ás disponibilidades presupostarias e na constitución dun fondo de reserva de 433 millóns de euros, se deba “a nefasta negociación do Goberno Central”, pois neste exercicio, coas disposicións comunitarias para o período transitorio ata a aplicación da reforma da PAC en 2015 no que afecta aos pagos directos, Agricultura tiña liberdade para adoptar esta medida, pero, sen embargo, optou porque o axuste fose xeral.

Con esta decisión, o Executivo de Rajoy provocará que as 1.157 explotacións censadas nesta zona (*datos da Consellería de Medio Rural e do Mar*), e que son receptoras da PAC, deixen de

percibir este ano 600 euros cada unha. Esta cifra, engadiu o secretario de Medio Rural, é a resultante do recorte orzamentario aplicado neste módulo, segundo o cal o importe medio que cobraron no período anterior cada un destes beneficiarios foi de algo máis de 5.700 euros. Por tanto, con dita diminución, os ingresos reduciranse en algo máis de 600 euros anuais por gandeiro. É evidente, por tanto, que esta comarca, que concentra o 7,19% das explotacións da provincia, “se vei notablemente afectada por dita reforma”, destaca Rouco.

Tanto o Parlamento Europeo como o Consello teñen que adoptar un acordo sobre esta proposta antes do próximo 30 de xuño. En caso contrario, a Comisión aplicará directamente a súa proposta de rebaixa. Este axuste nos pagos directos faise en virtude do mecanismo coñecido como disciplina financeira que se fará efectivo para o período comprendido entre 2014 e 2020, e non se aplicará aos tres países membros, Bulgaria, Rumanía e Croacia, por estar aínda os mesmos no proceso de converxencia destas axudas.

O recorte no sector lácteo

As axudas da PAC supoñen un importante ingreso para as granxas de carne da comarca. No caso das de leite, tal reaxuste orzamentario provoca, por unha banda, unha importante merma na economía dos afectados e, pola outra, que se duplique o risco de *dumping* con prácticas comerciais agresivas doutros países para gañar mercado. Só, a comarca de Chantada, conta con 704 explotacións de leite e 124,6 millóns de cota, tal e como indican os datos publicados pola Xunta de Galicia correspondentes á campaña 2012-2013. En termos de produción, esta cantidade supón o 11,43% da provincia e o 5,28% de toda Galicia.

“Cremos, por tanto, que se perdeu unha oportunidade histórica para negociar uns criterios en función das necesidades reais. A nova PAC foi deseñada de xeito inmoral e non favorece a agricultura e a gandeiría como acontece noutras rexións. Ademais, non plantexa ningunha alternativa a liberalización da cota láctea, que se producirá en 2015. É dicir, con esta política teremos menos campo, menos emprego e máis despoboamento”, engadiron.

E é que este sistema permite, por exemplo, que grandes empresarios poidan cobrar estas subvencións, debido a que en nada inflúen os ingresos que se teña doutras actividades sempre que se demostre unha factura do 20% dos ingresos agrarios para poder cobrar o 80% dos ingresos en subvencións comunitarias. Por outra banda, lembraron, a estratexia comunitaria só esixe cinco hectáreas por vaca para acceder ás axudas, polo que se pode dar o caso de que en Galicia e, na comarca Chantada, onde a media das explotacións, ao igual que no resto da provincia, é de 15 hectáreas, un gandeiro con tres vacas poderá xustificar as subvencións do mesmo xeito que os que teñen unha alta produción gandeira.

Desenvolvemento da xornada

O encontro, que dará comezo ás 22:00 horas, no Local Sindical de Chantada, e que contará coas intervencións do secretario xeral de Unións en Galicia –Roberto García- e do candidato ás eleccións europeas -José Blanco-, enmárcase no programa de xornadas informativas que a nova executiva provincial iniciou en xaneiro para coñecer as fortalezas e debilidades dos principais sectores produtivos, e deseñar un plan de traballo conxunto que permita impulsar a provincia dende o punto de vista socioeconómico. Deste xeito, esta é o quinto foro que se pon en marcha dende a secretaría de Medio Rural. Os outros catro celebráronse en Becerreá, Burela, A Pastoriza e Sarria. En todas, o tema central foi a Política Agraria Común, agás na da Mariña, que versou sobre a estratexia comunitaria aplicada ao sector da pesca.